

5 Octubre de 2015 - Revista 1041

# *Revista Semanal*

da Rede Galega de Información Xuvenil



**xuventude.net**

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

BOLSAS E AXUDAS / 6

PREMIOS E CONCURSOS / 7

NOVAS DE EMPREGO / 10

EN PORTADA

## Un total de 18 mozos e mozas inician en Santiago un curso de formación para participar no Servizo Voluntariado Europeo

Martes, 29 Setembro 2015 11:17

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, recibiu hoxe os participantes do proxecto que se enmarca no programa Erasmus +: Xuventude en Acción
- Os mozos e mozas, de entre 17 e 30 anos, proceden de 10 países de Europa e realizarán o seu proxecto en Galicia e Cantabria
- Vázquez lembrou que o xoves remata o prazo para presentar proxectos para a terceira e última quenda do programa Erasmus +



Un total de 18 mozos e mozas procedentes de **10 países de Europa** iniciaron hoxe en Santiago o curso de formación previo a participar no *Servizo Voluntariado Europeo*, que se enmarca no **programa Erasmus +: Xuventude en Acción**. A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, deu a benvinda aos participantes que realizarán os seus proxectos de voluntariado, que terán unha duración mínima de 2 semanas e máxima de 12 meses.

O curso de formación enmárcase no **Plan de Formación** establecido pola **Axencia Nacional**, que xestiona o **programa Xuventude en Acción e o Servizo Voluntario Europeo**, do que é parte activa a *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*. Neste senso, Vázquez lembrou que o xoves ás 12,00 horas remata o prazo para presentar os proxectos na terceira e última quenda do programa **Erasmus+**.

O participantes na quenda actual son 18 mozos e mozas, de entre 17 e 30 anos, procedentes de 10 países: *Austria, Francia, Grecia, Hungría, Italia, Letonia, Polonia, Rusia, Ucraína e Reino Unido*. Destes 18 participantes, 17 realizarán o seu proxecto de voluntariado europeo en Galicia e 1 en Cantabria.

No caso de Galicia, as entidades de acollida son: *asociación recreativa e cultural Os Tilos; asociación de desenvolvemento local DELOA; asociación Limisi; Amigos da Terra Galicia-Xuventude; os concellos de Carral, Curtis, Boqueixón e Ribadavia; Fundación Paideia Galiza; ANPA La Laguna (CEIP Ría do Burgo); e CEIAP Ría de Burgo*. E no caso de *Cantabria*, a organización de acollida é *ONCE Cantabria*.

Esta actividade consiste en presentar aos mozos e mozas voluntarios o país de acollida, facilitando a súa adaptación ao novo contexto social e cultural; proporcionarlles habilidades comunicativas, incluídos aspectos de aprendizaxe intercultural; presentarlles habilidades sociais mínimas indispensables para a convivencia, a prevención de conflitos e a xestión de crise; proporcionar un espazo para que os participantes poidan reflexionar sobre os obxectivos de aprendizaxe que poden desenvolver durante o *Servizo Voluntario Europeo* e planificar o seu proceso de aprendizaxe; e favorecer o coñecemento mutuo entre os voluntarios e comezar a construír redes.

Durante este curso de formación tamén se desenvolverán paneis de experiencias con antigos voluntarios e realizaranse diferentes obradoiros e intercambio de experiencias entre os voluntarios, xunto con outras actividades de carácter lúdico.

Por último, Vázquez manifestou que *"o Servizo Voluntario Europeo ofrece aos mozos e mozas unha experiencia de educación non formal, de desenvolvemento da solidariedade, de promoción das relacións con culturas distintas e facilita a aprendizaxe ou perfeccionamento doutros idiomas"*.

## Un grupo de mozos e mozas con síndrome de Down e discapacidade intelectual participan nun álbum colectivo de fotografía

Mercores, 30 Setembro 2015 13:16

- A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, asistiu hoxe á entrega de diplomas aos participantes do proxecto "O meu mundo en fotos", organizado por Down Galicia
- Esta actividade, financiada con 4.000 euros polo programa *Iniciativa Xove*, permitiulles exercitar a "expresión, creatividade, interpretación e sensibilidade social"



Un grupo de 33 mozos e mozas con síndrome de Down e discapacidade intelectual participaron nun álbum colectivo de fotografía, que culmina o **proxecto "O meu mundo en fotos"**. Esta actividade está organizada pola *Federación galega de institucións para a síndrome de Down, Down Galicia*, ao abeiro do **programa Iniciativa Xove** da *Consellería de Traballo e Benestar*, que destinou 4.000 euros para poñela en marcha.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, asistiu hoxe á entrega de diplomas aos participantes, que exercitaron durante a duración do proxecto *"a expresión, creatividade, interpretación e sensibilidade social"* a través da fotografía.

Para conseguilo, realizouse un taller de iniciación, para ensinalles os conceptos, ferramentas e recursos básicos. Con posterioridade, os mozos e mozas realizaron diversas saídas fotográficas ao seu entorno máis inmediato, centrándose en diferentes temáticas. Posteriormente, os participantes seleccionaron unha ou dúas fotografías para a exposición, e hoxe explicaron ante o grupo o porqué da súa elección, indicando o significado que para cada un deles ten a súa foto e a historia detrás da imaxe.

**Iniciativa Xove** é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, no que a Administración financia proxectos presentados e deseñados pola mocidade. Poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas. Deste xeito, a xuventude galega pode organizar, emprender e impulsar actividades por si mesma.

A Consellería inviste neste programa un total de 500.000 euros este ano, para financiar 150 proxectos nos que participarán máis de 750 mozos e mozas. O orzamento máximo por iniciativa é de 4.000 euros, e sempre que se solicita, anticipase o 80 por cento do total da contía concedida.

Esta é, ademais, a primeira edición na que as experiencias, competencias e habilidades adquiridas mediante o desenvolvemento de proxectos como **Iniciativa Xove** contarán cunha certificación oficial expedida pola Xunta. Galicia é a primeira comunidade autónoma, e polo de agora a única, que certifica as competencias adquiridas coa participación en programas de educación non formal.

## Xuventude financia en Lugo a través das axudas de **Iniciativa Xove** o proxecto 'Xaque Mate' para fomentar o xadrez

Luns, 05 Outubro 2015 07:14



A *Consellería de Traballo e Benestar*, a través da *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado*, está a financiar este ano na provincia de Lugo con máis de 63.000 euros a un total de 11 asociacións e 7 grupos informais a través do programa de axudas **Iniciativa Xove**, o que permitirá que arredor de 90 mozos e mozas desenvolvan directamente 18 proxectos. As asociacións e grupos informais son dos municipios de *Lugo, Mondoñedo, Castro de Rei, Cervo, Barreiros e O Saviñao*.

Un destes proxectos é **Xaque Mate**, que desenvolve a **asociación Xaquedrum de Lugo** na capital provincial, e que ten como obxectivo achegar o xadrez dunha forma lúdica para aumentar os mozos e mozas que practican esta disciplina. A *directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, visitou hoxe aos participantes nesta iniciativa no *albergue xuvenil Lug 2*, onde os mozos e mozas da entidade realizaron unha exposición dos diferentes xogos didácticos que levaron a cabo no marco do proxecto, e o xornalista *Leontxo García* pronunciou a conferencia '**O xadrez ensínate a pensar e é moi divertido**'.

En Galicia, a *Consellería de Traballo e Benestar* inviste no programa **Iniciativa Xove** un total de 500.000 euros, para financiar 150 proxectos en 2015, nos que participan directamente máis de 750 mozos e mozas. **Iniciativa Xove** é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, onde a Administración non lle indica aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para despois apoialas co propósito de estimular o liderado, a creatividade e o talento xuvenil.

Neste programa poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, e permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos. A Xunta financia o cen por cento dos proxectos presentados cun orzamento máximo por iniciativa de 4.000 euros. Todas as entidades e grupos aos que se lles concede a axuda e o solicitan reciben un anticipo do 80 por cento sobre o total da cantidade concedida.

Este ano, ademais, é a primeira edición onde as experiencias, competencias e habilidades adquiridas mediante o desenvolvemento dos proxectos de **Iniciativa Xove** contarán cunha certificación oficial expedida pola Xunta. Galicia é a primeira comunidade autónoma e, polo de agora, a única que certifica as competencias adquiridas coa participación en programas de educación non formal.

## Xuventude financia un proxecto para consolidar en Curtis unha escola de percusión para fomentar a música entre a mocidade

Luns, 05 Outubro 2015 07:18

A **Asociación Xuvenil Fusquenlla** está a desenvolver en Curtis o proxecto '**Escola de percusión Fusquenlla**' financiado con 4.000 euros polo programa de participación xuvenil **Iniciativa Xove** da *Consellería de Traballo e Benestar*. O obxectivo prioritario deste proxecto, que visitou hoxe a *directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez*, é o de consolidar na vila unha escola de percusión que utilice a música como medio para promover unha participación activa da xuventude de Curtis.

O proxecto formou dous grupos, un de menores de catorce anos, e outro de maiores, que teñen unha xuntanza semanal baixo a dirección dun percusionista entre os meses de xaneiro e outubro. O acceso á formación é libre e gratuito. Segundo a evolución dos alumnos, participan en exhibicións e concertos en colaboración con outros colectivos e grupos musicais.

Vázquez destacou que a *Consellería de Traballo e Benestar* está a investir no programa **Iniciativa Xove** un total de 500.000 euros, para financiar 150 proxectos en 2015, nos que participan directamente máis de 750 mozos e mozas. **Iniciativa Xove** é un programa pioneiro a nivel de todo o Estado, onde a Administración non lle indica aos mozos e mozas o que teñen que facer, senón que lles pide propostas para despois apoialas co propósito de estimular o liderado, a creatividade e o talento xuvenil.

Neste programa poden participar tanto asociacións formalmente constituídas como grupos informais de mozos e mozas, e permite que a xuventude galega poida organizar, emprender e impulsar actividades onde os actores principais son eles mesmos. A Xunta financia o cen por cento dos proxectos presentados cun orzamento máximo por iniciativa de 4.000 euros. Todas as entidades e grupos aos que se lles concede a axuda e o solicitan reciben un anticipo do 80 por cento sobre o total da cantidade concedida.

Este ano, ademais, será a primeira edición onde as experiencias, competencias e habilidades adquiridas mediante o desenvolvemento dos proxectos de **Iniciativa Xove** contarán cunha certificación oficial expedida pola Xunta. Galicia é a primeira comunidade autónoma e, polo de agora, a única que certifica as competencias adquiridas coa participación en programas de educación non formal.



### EN PORTADA ▶ NOVAS E ACTIVIDADES

## Incentivos á contratación das persoas mozas inscritas en garantía xuvenil

Martes, 29 Setembro 2015 06:23

A *Consellería de Traballo e Benestar* subvencionará o 100% do custo salarial dos contratos indefinidos ou o 50 % dos contratos temporais das persoas inscritas no *Sistema nacional de garantía xuvenil*. Publicase no **DOG do 28 de setembro de 2015** unha modificación do Programa de incentivos á contratación das persoas mozas inscritas no *Sistema nacional de garantía xuvenil*.



#### Contías dos incentivos

As contratacións indefinidas incentivaranse cunha axuda equivalente ao 100 % do custo salarial establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á **Seguridade Social** e calculado sobre dúas anualidades. Esta subvención non poderá ser superior á contía do salario establecida no convenio colectivo sectorial ou de empresa aplicable ao contrato que se subvenciona.

As contratacións temporais incentivaranse cunha axuda equivalente ao 50 % do custo salarial establecido no contrato que se subvenciona, excluídas as cotizacións empresariais á **Seguridade Social**. No suposto de que a persoa contratada sexa muller, persoa discapacitada ou unha persoa na que conorra algún dos factores de exclusión social o incentivo será equivalente ao 60 % do custo salarial establecido no contrato que se subvenciona.

O **prazo xeral** para a presentación das solicitudes das axudas estará aberto ata o **31 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **TR349I**

O **prazo** para a presentación das solicitudes das axudas estará aberto ata o **31 de outubro de 2015**.

Máis información no **DOG do 28 de setembro de 2015** e en <http://traballo.xunta.es/>

## Encontros territoriais de Información Xuvenil

**Mercores, 30 Setembro 2015 10:03**



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado organiza os **Encontros Territoriais de Información Xuvenil 2015**

#### Programa:

- 1. Presentación e inauguración.** Cecilia Vázquez Suárez, Directora Xeral de Xuventude e Voluntariado.
- 2. A información xuvenil nas políticas de Xuventude.** Jesús Antelo García. Director do C.Coordinador de Información Xuvenil: Programa Garantía Xuvenil + SIX. Modelo de seguimento e estatística das OMIX. Decreto de Xuventude, ámbito da información xuvenil: Técnico en información xuvenil Técnico de Xuventude.
- 3. Correspondentes xuvenís nos Institutos.** Responsable de OMIX.
- 4. Validación da Educación non formal desde a OMIX Orde educación non formal.** Xefe/a de Servizo de Xuventude e Voluntariado.
- 5. Programa Galeuropa.** Xefe/a de Servizo de Xuventude e Voluntariado.

#### 6. Clausura.

#### Lugares e datas:

Os **Encontros Territoriais de Información Xuvenil 2015**, levaranse a cabo nos seguintes lugares e datas:

**Vigo: 20 de outubro** ás 12.00 h. no Edificio administrativo da Xunta, sito na Rúa Concepción Arenal, 8.

**Ourense: 20 de outubro** ás 17.00 h. no Espazo Xove de Ourense, sito na Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27.

**Lugo: 21 de outubro** ás 12.00 h. no albergue residencia xuvenil LUG II, sito na Rúa Pintor Corredoira, 4.

**Curtis: 15 de outubro** no Espazo xove de Curtis ás 12:00 h.

**Betanzos: 15 de outubro** no Espazo xove de Betanzos ás 17:30 h.

**Noia: 19 de outubro** no Espazo xove de Noia ás 12:00 h.

**Carballo: 28 de outubro** no Espazo xove de Carballo ás 12:00 h

**Pontedeume: 28 de outubro** no Espazo xove de Pontedeume ás 17:30 h.

**Destinatarios/as:** Informadores/as e técnicos de xuventude da Rede Galega de Información Xuvenil.

**Prazo de inscrición** ata o **10 de outubro de 2015**.

## XXVII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

**Xoves, 01 Outubro 2015 10:09**



Un ano máis, o grupo inicial impulsor das **Xornadas de BD da Asociación Proxecto Benito Losada** desenvolve do **1 ao 30 de outubro a XXVII edición** seguindo o desexo expresado polo propio Benito que foi quen as ideou e organizou dende a *Casa da Xuventude de Ourense*.

#### Premiados 3º Certame Benito Losada de Banda Deseñada

Categoría para maiores de 17 anos até os 35

**1º premio:** Alicia Jaraba Abellán

2º premio: Diego Blanco López

Categoría para menores de 17 anos

1º premio: Cristian Fojón Caruncho

Mención especial: Ismael López Arias

A exposición pode verse no 1º andar do Museo Municipal de Ourense do **1 ao 18 de outubro**

Máis información en <http://difusora.org/xornadasbdourense/2015/exposicions.html>

## Xuventude.Novas leva á súa portada a exitosa Iniciativa Xove que promove o deporte en Santa Comba

Venres, 02 Outubro 2015 06:59



A nova edición da revista interactiva da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, **Xuventude.Novas**, dedícalle unha das súas reportaxes ao proxecto '**Deporte Xove na Rúa**', que desenvolveu o grupo informal '**Deporte e Vida Activa**' na localidade coruñesa de Santa Comba. Durante unha fin de semana, desenvolveron numerosas actividades e competicións deportivas ao aire libre co propósito de fomentar a práctica de exercicio físico por todos os colectivos da poboación, en especial a mocidade.

Mais non é o único proxecto acometido ao abeiro do programa **Iniciativa Xove** ao que se lle dá cabida neste número. Noutra páxina explica '**As galiñas da horta**', a iniciativa coa que un grupo de mozos e mozas de Santiso (A Coruña) pretenden poñer a producir de novo dúas parcelas de monte. Implican unhas cincuenta persoas nun proxecto que ten como principal misión dinamizar o rural e concienciar a poboación das posibilidades de xeración de riqueza que ofrece.

Os preparativos para o **Encontro e Mostra do Asociacionismo Xuvenil (EMAX)**, que se celebra en Galicia na segunda quincena de outubro, conforman outro contido destacado deste **Xuventude.Novas**. Fiel á súa xa considerable traxectoria, o **EMAX** será o maior escaparate das actividades que desenvolven as asociacións de mozos e mozas de Galicia e do norte de Portugal.

Tamén con visión internacional, cabe destacar dous contidos máis. Un, o proxecto **DIGAL**, que complementa a formación de 56 persoas de entre 18 e 30 anos con prácticas en países europeos. O programa, que entre 2015 e 2016 conta con 280.000 euros de orzamento, xa realizou a sesión formativa do primeiro grupo participante. E o outro, cunha vontade máis lúdica, é o repaso a varios campos de traballo que tiveron lugar no marco da programación de verán e nos que a convivencia entre mozos e mozas de toda Galicia, o resto de España e varios países estranxeiros é un dos elementos máis característicos.

Completa esta edición unha entrevista sobre a banda de música '**Australia**', que como o seu nome non indica é de Pontevedra. Naceron en 2014 e o seu vocalista, Javier Lago, explícanos a orixe e evolución do grupo, a forma de traballar, as súas aspiracións creativas e a reacción que perciben no público. Nas dúas últimas páxinas, **Xuventude.Novas** ofrece unha completa guía de lecer para as vindeiras semanas, coa habitual axenda de concertos e actuacións musicais.

Nota: para unha correcta visualización en determinados navegadores de internet, recomendamos descargar o arquivo pdf en vez de abrilo noutra pestana.

## Bolsas Fundación Amancio Ortega para estudantes 4º ESO

Luns, 05 Outubro 2015 09:27



A **Fundación** convoca **500 bolsas** para estudantes de 4º de ESO de centros españois (80 para centros de Galicia) para estudar primeiro de Bacharelato en **Canadá** e **Estados Unidos**.

Os alumnos seleccionados convivirán cunha familia e terán o 10% do custo dos gastos cubertos.



Entre os requisitos está ter unha nota media igual ou superior a 7 puntos e unha nota de inglés igual ou superior a 8 en 3º de ESO.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **12 de novembro**.

Máis información <https://becas.faortega.org/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

## Curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Pontevedra

Martes, 29 Setembro 2015 09:43



A **Escola de Tempo Libre Formagal** convoca un **curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Pontevedra**.

O curso consta de dúas fases, unha teórico-práctica cunha duración de **200 horas lectivas**, e outra **práctica de 150 horas**.

Os **requisitos** para acceder á formación, establecidos pola Xunta de Galicia no Decreto 50/2000, son: ser maior de 18 anos e estar en posesión do graduado escolar (ESO) ou ser técnico/a auxiliar en FP.

**Datas de impartición:** do 13 de outubro ao 9 de decembro de 2015.

**Horario do curso:** de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

**Máis información:**

**Escola de Tempo Libre Formagal**  
Correo electrónico: [info@formagal.com](mailto:info@formagal.com)  
Teléfono: 986 107 007  
[www.formagal.com](http://www.formagal.com)

## Curso de Monitor de Actividades de Tempo Libre en Ourense

**Venres, 02 Outubro 2015 10:59**



A **Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco** convoca un curso de **Monitor de Actividades de Tempo Libre en Ourense**.

**Lugar:** Centro Xuvenil Amencer.

**Datas:** do 31 de outubro ao 26 de decembro de 2015

**Horario:** de 9.00 a 14.00 h e de 16:00 a 21:00h

**Máis información:**

**Escola de Tempo Libre Don Bosco**  
Teléfono: 988 218 123

BOLSAS E AXUDAS → CONVOCATORIA XERAL

## Bolsas de Posgrado 2015 Fundación Mapfre

**Luns, 05 Outubro 2015 09:20**

Estas bolsas son para graduados universitarios, diplomados, licenciado en universidades en España.

O importe máximo será de 6.000 euros.

**Máis información** [www.fundacionmapfre.org](http://www.fundacionmapfre.org)

BOLSAS E AXUDAS → FORMACION PRACTICA

## Axudas para formación nos ámbitos agrario, alimentario e ambiental

**Luns, 05 Outubro 2015 09:31**



O **Instituto Madrileño de Investigación e Desenvolvemento Rural, Agrario e Alimentario (IMI-DRA)** da *Comunidad de Madrid* convoca axudas para a formación de persoal investigador para a realización de teses doutorais e de tecnólogos nos ámbitos agrario, alimentario e ambiental.

**Requisitos**

Persoas que posúan a nacionalidade española ou sexan nacionais dun país membro da Unión Europea ou estranxeiros non comunitarios residentes en España.

**Dotación**

A dotación bruta mensual das axudas actualmente vixentes en 2015 no Organismo é de 1.259,38 euros para as axudas de formación persoal investigador e de 1.228,74 euros para as axudas de tecnólogos.

**Prazo:** ata o 26 de outubro de 2015

Más información en [http://www.bocm.es/boletin/CM\\_Orden\\_BOCM/2015/10/01/BOCM-20151001-18.PDF](http://www.bocm.es/boletin/CM_Orden_BOCM/2015/10/01/BOCM-20151001-18.PDF)

<http://www.madrid.org/imidra>

## Bolseiros/as en Kyocera, Alcampo e Mediaset

Luns, 05 Outubro 2015 09:57



**Kyocera, Alcampo e a produtora de televisión Mediaset**, buscan bolseiros para incorporalos nas súas filas durante os próximos meses.

Se es estudante de último curso dalgunha carreira pertencente á rama de enxeñería, **Kyocera** convoca a primeira edición do concurso **'Future K'**. Esta multinacional relacionada coa **consultoría TIC** busca estudantes dinámicos e creativos, para outorgarlles unha bolsa de seis meses de prácticas dentro da compañía, no departamento de Tecnoloxía e Innovación.

O concurso consta de catro fases: unha primeira na que os alumnos, agrupados en grupos de tres, envían a súa solicitude. Esta fase estará aberta ata o próximo **12 de outubro**. En segunda fase, os grupos deberán resolver un caso práctico proposto por Kyocera. Na terceira fase do proceso, estudaranse as candidaturas, e o próximo 15 de xaneiro darase a coñecer a lista de finalistas. Na cuarta e última fase, que terá lugar en febreiro, os equipos elixidos deberán defender ante un tribunal o caso proposto pola empresa, e de aí elixirase ao equipo gañador.

Doutra banda, a multinacional francesa de alimentación e grandes superficies **Alcampo** convocou varios postos de prácticas a través do seu programa **'Construíndo Talento!'**. Os novos bolseiros situaranse en centros de Madrid, Barcelona, Castellón e Illas Baleares, e os postos convocados son para recentemente titulados ou estudantes que cursen os seus últimos anos de carreira en ADE, Dereito, Económicas, Relacións Laborais, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos ou Formación en Márketing e/ou Publicidade. Tamén se piden coñecementos de inglés ou francés, e as prácticas terán un duración de seis meses, xunto ao equipo de Responsables de Mercado.

A **produtora de televisión Mediaset** anunciou a convocatoria de nove bolsas de prácticas para recentemente licenciados que queiran incorporarse a varios dos seus departamentos: Recursos Humanos, Documentación para informativos, produción para informativos, portal TV, axudante do xefe de estudos, financeiro, produción de contidos, administración de persoal, ou no departamento de adquisición de dereitos.

Solicítanse diversos perfís profesionais como graduados en Psicoloxía, Biblioteconomía e Documentación, Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Enxeñería de Sistemas, ADE, Grao en Administración e Dirección de Empresas e Dirección Comercial e Márketing. Relacións Laborais ou Dereito. A convocatoria está aberta a estudantes de grao ou máster, con máis do 50% dos créditos superados.

Máis información:

**Alcampo:** <https://alcampoempleo.epreselec.com/Ofertas/Ofertas.aspx>

**Kyocera:** <http://futurek.kyocera.es/>

**Mediaset:** <http://www.rrhhempleo.telecinco.es/>

PREMIOS E CONCURSOS

PREMIOS E CONCURSOS

## I Concurso Comunicar en Igualdade

Martes, 29 Setembro 2015 07:32



A *Secretaría Xeral de Igualdade* convoca o **I Concurso Comunicar en Igualdade** baixo as seguintes modalidades:

- a) Premio para profesionais do xornalismo.
- b) Premio para o alumnado universitario.

### Premio para profesionais do xornalismo

1. Nesta categoría outorgarase un premio ao mellor traballo informativo ou serie de pezas publicadas, individual ou colectivamente, baseado en criterios de calidade, esforzo investigador e de sensibilización e axeitado tratamento informativo sobre a igualdade de xénero ou sobre o fenómeno da violencia de xénero.
2. Os traballos, orixinais e en idioma galego, poderán ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual e deberán ter sido publicados ou emitidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014 nalgún medio de comunicación (xornais, radios, televisión ou páxinas web) con influencia no ámbito galego.
3. O premio terá unha dotación de 2.000 €.

### Premio para alumnado universitario

1. Nesta categoría poderá participar calquera alumna ou alumno con matrícula nas facultades galegas de Xornalismo, Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas no ano 2014.
2. O premio outorgarase ao mellor traballo baseado en criterios de calidade, esforzo investigador e axeitado tratamento desde a perspectiva de xénero. Os traballos, en idioma galego, poderán ser de tipo impreso, dixital ou audiovisual e aínda que non é condición indispensable que os orixinais fosen publicados previamente, o xurado valorará esta circunstancia.
3. O premio terá unha dotación de 1.000 €.

O prazo para a presentación dos traballos estará aberto ata o **31 de outubro de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **SI437B**

Máis información en <http://igualdade.xunta.es/gl/programas/concurso-comunicar-en-igualdade>

## III Concurso de fotografía - Concello de Toques


Luns, 05 Outubro 2015 07:35

### III CONCURSO FOTOGRÁFICO



"TOQUES. ESENCIA E CONDICIÓN"

Consultar as bases  
Data fin para participar: 15 de outubro 2015



O Concello de Toques convoca o **III Concurso de fotografía - Concello de Toques**

Poderá participar no concurso calquera persoa, cun máximo de tres obras por participante.

**Os participantes deberán informar dos seguintes datos:** Nome e apelidos, dirección de correo electrónico de contacto, teléfono de contacto e título da imaxe.

**Tema:** A temática é "**Toques, esencia e condición**", e deberá estar localizada en calquera punto deste termo municipal.

**Requisitos:** As fotografías deben ter formato electrónico independentemente da forma en que foron capturadas.

**Aceptaranse os seguintes formatos:** jpg e tif. Non se aceptarán traballos cun tamaño superior a 2 megas.

En caso de enviar mais dunha imaxe, hai que enviálas en diferentes correos, cos datos do participante en cada unha delas. Terán que ser imaxes orixinais, inéditas e non premiadas en concursos anteriores.

**Presentación de solicitudes:** As fotos deberán enviarse preferentemente ao seguinte enderezo electrónico: [marina.corral@toques.es](mailto:marina.corral@toques.es), ou poderanse entregar na Axencia de lectura de Toques en soporte CD ou nun pen ou no concello de Toques.

A organización presupón que o fotógrafo ten a autorización e/ou permiso das persoas que aparecen nas imaxes presentadas. Sobre o autor recae toda responsabilidade relacionada co dereito á intimidade.

**Prazo de presentación:** ata o **15 de outubro 2015**. Non se admitirán as entregadas fóra de prazo.

As imaxes gañadoras aparecerán no calendario do **Concello de Toques 2016**, que é repartido entre os habitantes do dito concello.

**Premios:** Haberá unha soa categoría e tres premios:

1º premio: 75 €.

2º premio: 50 €.

3º premio: 25 €.

Máis información en <http://www.toques.es/concurso-de-fotografia-concello-de-toques/>

## Envía o teu debuxo ao espazo!

Luns, 05 Outubro 2015 08:58



O telescopio chamado **CHEOPS** ten como obxectivo principal atopar planetas pequenos como a nosa Terra e estudalos con detalle. Trátase dunha misión espacial que pertence ao **programa Cosmic Vision da Axencia Espacial Europea (ESA)** e que se prevé que se lance no ano 2017.

Grazas a unha iniciativa do equipo científico, lanzaranse 3.000 debuxos ao espazo xunto co telescopio espacial CHEOPS, para o que se convoca este concurso. Os debuxos gravaranse en formato miniaturizado nunha placa que se montará no telescopio.

### Quen pode participar?

Todos os nenos e nenas de entre 8 e 14 anos.

### Cando terá lugar a campaña?

A recepción de debuxos abrirase o 9 de setembro de 2015 e pecharase o 20 de outubro de 2015, que será o último día (selo postal) no que os debuxos poderán ser aceptados.

### Como podo participar?

Enviando un debuxo por correo postal a:

#### Concurso Cheops

C/ Gran Capità, 2-4, despacho 201  
08034 Barcelona

Podedes descargarvos o unha folla preparada para facer o debuxo nesta ligazón (densidade de papel mínima recomendada: 150g/m2): [http://www.cheops.es/download/Plantilla\\_CHEOPS\\_CAS.pdf](http://www.cheops.es/download/Plantilla_CHEOPS_CAS.pdf)



#### Cal ha de ser a temática do debuxo?

Ten que estar relacionada co espazo ou o telescopio espacial CHEOPS.

#### Que teño que ter en conta especialmente?

O debuxo ha de estar dentro do marco definido para o persoal. Os debuxos teñen que estar pintados con lapis, ceras ou rotuladores negros. Esta é a única maneira que se poidan gravar na placa.

#### Condições de participación

Ao enviar un debuxo, o neno/a participante e os seus pais aceptan o uso debuxo para publicacións relacionadas con CHEOPS en Internet, impresións e medios de comunicación. Nunha publicación, poden aparecer o nome, a inicial do apelido e a idade do neno ou nena. Os datos persoais dos participantes non se enviarán a terceiros. Coa presentación do debuxo, os pais declaran a súa plena aceptación destas condicións de participación.

#### Modelo de CHEOPS

**Queres un modelo de telescopio espacial CHEOPS na túa casa?** Imprime as follas recortables (densidade de papel mínima recomendada: 180g/m<sup>2</sup>) e constrúe CHEOPS o teu mesmo/a!: [http://www.cheops.es/download/CHEOPS\\_Papiermodell3.pdf](http://www.cheops.es/download/CHEOPS_Papiermodell3.pdf)

Máis información en <http://www.cheops.es/>

## XVI Edición premios relatos curtos os Viadutos

Luns, 05 Outubro 2015 09:5

Dirixida á mocidade entre 17 e 35 anos, con **obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial**.

As obras terán unha extensión mínima de 10 folios e máxima de quince.

Os premios serán dous: un de 1.200 euros e o segundo de 600.

O **prazo** de presentación rematará o **27 de novembro de 2015**.

Máis información 986 400 798, [omix@redondela.es](mailto:omix@redondela.es)

#### PREMIOS E CONCURSOS

#### EXPOSICIONS, CERTAMES E CONCERTOS

## Premios de Xornalismo Novo sobre Violencia de Xénero para o ano 2015

Luns, 05 Outubro 2015 07:24



O **INJUVE** convoca os **Premios de Xornalismo Novo sobre Violencia de Xénero para o ano 2015**, nas modalidades:

- a) *Xornalismo Impreso.*
- b) *Xornalismo Audiovisual (Radio e Televisión).*

c) *Xornalismo Gráfico.*

d) *Xornalismo Dixital.*

#### Premios:

- a) *Premio de Xornalismo Impreso por un importe de 4.500 €.*
- b) *Premio de Xornalismo Audiovisual (Radio ou Televisión) por un importe 4.500 €.*
- c) *Premio de Xornalismo Gráfico por un importe de 4.500 €.*
- d) *Premio de Xornalismo Dixital por un importe de 4.500 €.*

Poderán solicitar a súa participación, de forma individual ou colectiva (ata un máximo de tres compoñentes) nas modalidades dos premios convocados, as persoas de nacionalidade española e todas aquelas con residencia legal en España que non superen os 35 anos de idade o día **31 de decembro de 2015**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **29 de outubro de 2015**.

Máis información no **BOE do 5 de outubro de 2015** e en [www.injuve.es](http://www.injuve.es)

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

## Convocadas 2 prazas educadores casa de nenos no Concello de Aldea del Fresno (Madrid)

Mercores, 30 Setembro 2015 08:43

As prazas convocadas por este Concello, son de **persoal laboral fixo** e a **cubrir polo sistema de concurso-oposición**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 28 de setembro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

## Convocada bolsa de emprego de axudante de biblioteca en Navarra

Mercores, 30 Setembro 2015 08:43

A **Universidade Pública de Navarra**, convoca estas bolsas de persoal laboral temporal.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **13 de outubro de 2015**.

Máis información Boletín Oficial de Navarra do 28 de setembro.

## Convocada bolsa de emprego de profesor filosofía e xestión comercial en Madrid

Mercores, 30 Setembro 2015 08:44

A **Comunidade Autónoma de Madrid**, convoca esta bolsa de emprego nas especialidades de **Filosofía e Organización e Xestión Comercial de ESO**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **10 de outubro de 2015**.

Máis información BOCM do 25 de setembro de 2015.

## Prazas de persoal docente e investigador contratado na Universidade de Santiago

Xoves, 01 Outubro 2015 06:28

A **USC** convoca a **concurso público prazas de persoal docente e investigador contratado**.

**Prazas:**

2 prazas: Psicología Evolutiva e da Educación

1 praza: Didáctica da Expresión Corporal

1 praza: Didáctica e Organización Escolar

2 prazas: Teoría e Historia da Educación.

**Requisitos:**

Posuír o título de doutor.

Ter acreditada a avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora por parte da ACSUG, da ANECA ou de calquera outro órgano de avaliación.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de outubro de 2015**.

Máis información en <http://www.usc.es/gl/servizos/profesorado/prazasabertas/solicitudes.html>

## Auxiliar administrativo/a para o Concello de Noia

Xoves, 01 Outubro 2015 07:18

O **Concello de Noia** necesita contratar **un/ha auxiliar administrativo/a**.

**Requisitos:** Título de graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO), ou equivalente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **22 de outubro de 2015**.

Máis información no BOP da Coruña do 1 de outubro de 2015 e na **OMIX de Noia**, teléfono 981 821 395

## Profesores de música na especialidade de Clave

Venres, 02 Outubro 2015 07:09

A **Consellería de Educación** abre un prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de **profesores de música e artes escénicas na especialidade de Clave**.

### Requisitos

**Titulación** (a titulación de profesor superior terá preferencia sobre o título de profesor do plan do ano 1966 ou dos declarados equivalentes aínda que a puntuación do baremo sexa inferior).

a) Título de profesor superior de clave.

b) Título de profesor de clave, expedido ao abeiro do Decreto 2618/1966.

c) Calquera outra titulación declarada equivalente para efectos de docencia.

Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou ter a validación equivalente.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **13 de outubro de 2015**.

**Máis información** no **DOG do 2 de outubro de 2015** e en [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)

## Auxiliares de axuda no fogar en Maceda

Luns, 05 Outubro 2015 07:42

O **Concello de Maceda** necesita contratar **catro auxiliares de axuda no fogar**.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **10 de outubro de 2015**.

**Máis información** no **BOP de Ourense do 5 de outubro de 2015** e na **OMIX de Maceda**, teléfono 988 463 001.

## Lista de contratación en Seaga

Luns, 05 Outubro 2015 08:17

A **Empresa pública de servizos agrarios, SEAGA**, abre un prazo para elaborar unha lista de contratación nos seguintes postos:

*Enxeñeiros de montes  
Enxeñeiro agrónomo  
Enxeñeiro técnico forestal  
Enxeñeiro de camiños, canles e portos  
Enxeñeiro técnico de obras públicas  
Arquitecto  
Arquitecto técnico  
Capataz  
Xefe de brigada  
Maquinista condutor  
Peón especialista  
Peón  
Oficial administrativo  
Auxiliar administrativo*

O **prazo** para inscribirse nas listas estará aberto ata o **15 de outubro de 2015**.

**Máis información** en [http://www.epseaga.com/ofertas\\_emplo.php](http://www.epseaga.com/ofertas_emplo.php)

## Convocadas 3 prazas de persoal laboral da Mancomunidade Do Ribeiro (Ourense)

Luns, 05 Outubro 2015 09:18

A **Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Do Ribeiro (Ourense)**, convoca **1 praza de administrativo, 1 de auxiliar administrativo e 1 de traballador social**, polo sistema de concurso-oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

**Máis información** BOE do 5 de outubro de 2015. [www.boe.es](http://www.boe.es)

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PRIVADO

## Cociñeiros Vilagarcía de Arousa

Mercores, 30 Setembro 2015 07:57

Se necesitan **cociñeiros para Vilagarcía de Arousa.**

**Maís información:** <https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=subcategoriaF&value=AGENTES%20COMERCIALES%20REPRESENTANTES&idPlusFacet=4>

## Varias prazas de Formador/docente. A Coruña

Mercores, 30 Setembro 2015 07:58

**Formador docente cursos Especialización/Homologación soldadura entre posiciones 2F e 4F e entre posicións 3G e 6G. A Coruña.**

Unha vacante.

Salario segundo convenio.

Titulación FPPII ou Ciclo Superior.

Experiencia de máis de dous anos como docente na materia do curso.

[https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=educacionReqF&value=Otras%20Titulaciones%20\(FP%202,%20ciclos%20grado%20s&idPlusFacet=3](https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=educacionReqF&value=Otras%20Titulaciones%20(FP%202,%20ciclos%20grado%20s&idPlusFacet=3)

**Formador docente curso Actividades Auxiliares de Almacén e Comercio. A Coruña**

Unha vacante.

Salario segundo convenio. 1500-2000 euros/mes.

FPPII ou Ciclo Superior en relación coa especialidade.

Experiencia docente de máis de dous anos en impartición de cursos da mesma especialidade.

[https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=educacionReqF&value=Otras%20Titulaciones%20\(FP%202,%20ciclos%20grado%20s&idPlusFacet=3](https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=educacionReqF&value=Otras%20Titulaciones%20(FP%202,%20ciclos%20grado%20s&idPlusFacet=3)

**Formador/docente curso de pintura decorativa. A Coruña**

Unha vacante.

Salario segundo convenio.

Titulación de FPPII ou Ciclo Superior en relación coa materia.

Imprescindible dous anos de experiencia como docente na mesma materia do curso.

[https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=educacionReqF&value=Otras%20Titulaciones%20\(FP%202,%20ciclos%20grado%20s&idPlusFacet=3](https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=educacionReqF&value=Otras%20Titulaciones%20(FP%202,%20ciclos%20grado%20s&idPlusFacet=3)

## Comerciais/Representantes. A Coruña

Mercores, 30 Setembro 2015 08:22

**10 vacantes.**

**Empresa de vendas** precisa de novas incorporacións para funcións comerciais. Imprescindible boa presenza.

Non se require experiencia. Formación a cargo da empresa.

**Empresa [www.serviciosmys.com](http://www.serviciosmys.com)**

Ofrecemos incorporación inmediata. Soldo fixo e alta na SS.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=&facet=subcategoriaF&value=AGENTES%20COMERCIALES%20REPRESENTANTES&idPlusFacet=2>

## Vendedores/as Vigo

Mercores, 30 Setembro 2015 08:33

### Comerciais vendas/vendedores. Vigo

Altas comisións por servizo de vendas.

Contrato laboral con alta na SS.

Estudos de bacharelato ou Ciclo Superior.

Experiencia de máis de dous anos.

**Especialidade de venda telefónica.** Facilitade de contacto e atención ó cliente.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?p=36&profName=Vendedores>

### Vendedores/as de Bingo. Vigo

**EGA consultores** selecciona para sala en Vigo, de importante empresa grupo de juego de azar, para:

Realizar operacións auxiliares e de venda de cartóns propia dunha sala de xogo de bingo. Realización de pagamento de premios en sala de bingo.

Se require estar en posesión de Graduado Escolar.

Desexable en tarefas de atención ó cliente.

Disponibilidade para traballo por turnos.

Xornada completa.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/vendedores-as-de-bingo/pontevedra/1873948/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=pontevedra](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/vendedores-as-de-bingo/pontevedra/1873948/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=pontevedra)

## Conductor/a camión cisterna estrella Galicia (A Coruña)

Mercores, 30 Setembro 2015 08:45

A **Empresa Hijos de Rivera (Estrella Galicia)**, require conductor/a de camión cisterna, con 2 anos mínimo en rutas.

**Máis información** [http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/conductor-a-camion-cisterna-estrella-galicia/a-corunna/1872811/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=compras-logistica-y-transporte&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/conductor-a-camion-cisterna-estrella-galicia/a-corunna/1872811/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=compras-logistica-y-transporte&utm_term=a-corunna)

## 1 praza de profesor/a de Inglés A Coruña

Mercores, 30 Setembro 2015 08:50

Entre os requisitos está experiencia de formación de inglés en empresas.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/profesor-a-de-ingles/a-corunna/1871736/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=educacion-formacion&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/profesor-a-de-ingles/a-corunna/1871736/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=educacion-formacion&utm_term=a-corunna)

## 1 praza de encofrador de 1ª en Oroso (A Coruña)

Mercores, 30 Setembro 2015 08:51

Búscanse **oficiais de 1ª encofradores** para execución de cimentación de nave industrial e muros de formigón armado encofrados a 1 o dúas caras.

<https://www.empleate.gob.es/empleo/#/buscarOferta?search=galicia>

## Comercial galicia A Coruña

Mercores, 30 Setembro 2015 08:52

Requíres **FP grao superior**, experiencia non requirida.

Contrato temporal con posibilidades de incorporarse a plantilla. Xornada completa.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-galicia/a-corunna/1781516/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=comercial-ventas&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/comercial-galicia/a-corunna/1781516/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=comercial-ventas&utm_term=a-corunna)

## Ofertas Servizo Público de Emprego 02/10/2015

Xoves, 01 Outubro 2015 10:40

### Mozos/as de carga e descarga, almacén e/ou mercado de abastos

- Localidade: Porriño, O (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/9364
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: necesítanse mozos/as de carga e descarga.

### Empregados/as de fogar (internos)

- Localidade: Porriño, O (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/9369
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: necesítanse empregados/as de fogar en réxime interno.

### Profesores de pintura artística

- Localidade: Vimianzo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/10484
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: monitor/a de pintura para luns de 17:00 a 18:30 e martes e xoves de 20:30 a 22:30.

### Profesores de clases de baile de salón

- Localidade: Vimianzo (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/10493
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: necesítase monitor/a de bailes de salón. Sábados a las 21:00 y a las 22:00.

### Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/10780
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: oferta de cociñeiro/a de comida mexicana. Contrato dun ano a xornada completa.

### Colocadores de prefabricados lixeiros (construción)

- Localidade: Sanxenxo (Pontevedra)
- Nº oferta: 12/2015/10493
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: necesítase intalador/a de pladur.

### Cociñeiros/as, en xeral

- Localidade: Melide (A Coruña)
- Nº oferta: 12/2015/10791
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: necesítase auxiliar de cociña de comida brasileira con 12 meses de experiencia e coñecementos de inglés e portugués nivel alto.

### Axentes comerciais

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/10812
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: necesítase comercial para captación de clientes e publicidade.

### Mecánicos/as-axustadores de maquinaria agrícola, en xeral

- Localidade: Ourense
- Nº oferta: 12/2015/10837
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: tres anos de experiencia en reparación de maquinaria agrícola e de xardinería.

### Formadores de formación ocupacional non regulada

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/10876
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: formador/a-titor/a de cursos a distancia de manipulador de alimentos. Formación en bioloxías, dietética ou ciencias da alimentación.

### Formadores de formación ocupacional non regulada

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/10877
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: formador/a para cursos rama dereito-laboral. Formación de dereito ou relacións laborais. Técnico/a de prevención de riscos laborais.

### Profesores de idiomas, en xeral

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/10878
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: formador/a-titor/a para curso de inglés a distancia. Licenciado/a en filoloxía inglesa ou tradución e interpretación. Nivel alto de inglés.

### Profesores técnicos de formación profesional (informática e comunicacións)

- Localidade: Coruña, A
- Nº oferta: 12/2015/10879
- Data: 02/10/2015
- Requisitos: profesor/a de informática. Formación reglada relacionada coa materia a impartir.

### Aplicadores de praguicidas

- Localidade: Pontevedra
- Nº oferta: 12/2015/10892
- Data: 02/10/2015

- Requisitos: precísase aplicador/a de praguicidas con carnés de manipulador de produtos fitosanitarios e/ou biocidas.

Máis información no 012 e en <http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/>

## Varias ofertas para Galicia

Luns, 05 Outubro 2015 07:57

### Responsable laboral para Galicia. A Coruña

#### Para empresa Michel Page no departamento de RRHH.

- Para realizar a xestión de nóminas, AIP, etc.
- Xestión de comunicacións en materia de persoal coa AAPP.
- Administración de altas e baixas, nómimas, vacacións, etc.
- Informes e consultas relacionados coa plantilla.
- Se requiren cinco anos de experiencia en posto semellante.
- Tipo de contrato indefinido.
- Empresa Michel Page, Paseo de la Castellana, 28, 3ª andar. 28046 Madrid.

[http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/responsable-laboral-galicia/a-corunna/1875443/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=recursos-humanos&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/responsable-laboral-galicia/a-corunna/1875443/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=recursos-humanos&utm_term=a-corunna)

### Empregados de Fogar. Porriño (Pontevedra)

- Necesítanse empregados de fogar en réxime interno para Porriño.
- [http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/ofertaEmpleo.html?numOferta=12/2015/9369&lis\\_pag=1](http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/ofertaEmpleo.html?numOferta=12/2015/9369&lis_pag=1)

### Mozos de carga e descarga. Porriño (Pontevedra)

- Mozos de carga e descarga para mercados de abastos en Porriño.
- [http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/ofertaEmpleo.html?numOferta=12/2015/9364&lis\\_pag=1](http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasEmpleo/ofertaEmpleo.html?numOferta=12/2015/9364&lis_pag=1)

### Fisioterapeuta. Santiago de Compostela

- Nortempo selcciona un fisioterapeuta para Santiago de Compostela (A Coruña), para tarefas de atención en clínica.

#### Se require:

- Titulación específica en Fisioterapia.
- Curso de pilates.
- Contrato eventual (1 mes).
- Xornada completa.
- [http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/fisioterapeuta/a-corunna/1874646/?utm\\_source=empleate&utm\\_medium=agregador&utm\\_campaign=trafico&utm\\_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm\\_term=a-corunna](http://www.infoempleo.com/ofertasdetrabajo/fisioterapeuta/a-corunna/1874646/?utm_source=empleate&utm_medium=agregador&utm_campaign=trafico&utm_content=sanidad-salud-y-servicios-sociales&utm_term=a-corunna)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de  
Xuventude e Voluntariado



**xuventude.net**